



## ACTA DE DITAME DO XURADO DO XXII PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS, VIII PREMIO MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL E XI PREMIO BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES



LUGAR: sala de xuntas da AGADIC (Cidade da Cultura, Monte Gaiás s/n, Santiago)

DATA: 8 de outubro de 2014

HORA DE COMEZO: 16.30 h

HORA DE REMATE: 20.30 h

ASISTENTES: Xosé Manuel Fernández Castro, Ignacio Vilariño Sanmartín,  
Daniel González Salgado, Artur Trillo Sendón, Dolores Vilavedra Fernández  
e Marcelina Calvo Domínguez

-   

- Segundo as bases da convocatoria do XXII premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, VIII Manuel María de literatura dramática infantil e XI Barriga Verde de textos para teatro de monicreques (establecida por medio da resolución do 20 de decembro de 2013 e publicada no DOG do 31 de decembro de 2013, nº 249), o xurado, constituído polos membros que se relacionan de seguido, reúnease para fallar os premios na súa edición 2014.
    - Roberto Salgueiro González, presidente
    - Xosé Manuel Fernández Castro, vogal
    - Ignacio Vilariño Sanmartín, vogal
    - Daniel González Salgado, vogal
    - Artur Trillo Sendón, vogal
    - Dolores Vilavedra Fernández, vogal
    - Actúa como secretaria, Marcelina Calvo Domínguez
  - A secretaria informa que o presidente do xurado, Roberto Salgueiro González, non pode acudir a esta reunión por motivos de saúde, que lle impiden a súa asistencia. Non obstante, comunicase que están en posesión da secretaria as preferencias e puntuacións previas e que durante a reunión mantense en contacto tanto telefónico coma por correo electrónico para calquera aclaración ou comentario que poida ser necesario realizar.
  - A secretaria informa, así mesmo, que, por designación da dirección da Agadic, é Dolores Vilavedra Fernández o membro do xurado que suple as funcións de presidente nesta reunión de fallo.
  - A secretaria recorda que, seguindo o establecido na base terceira da convocatoria dos premios, no que atinxe aos motivos de exclusión, quedan fóra do proceso os seguintes textos: *Moito Morro Corporation, Sociedade Limitada* (presentado ao Manuel María de literatura dramática infantil co número de rexistro 1172), por resultar premiado noutro concurso, como así o deu a coñecer ante este organismo o seu autor no escrito recibido na Agadic con data 10 de xuño e rexistro de entrada 1496; *De cando meus pais me plantaron nunha maceta*, presentado ao premio Álvaro Cunqueiro co número de rexistro 1382, por ser representado





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Axencia Galega das Industrias Culturais  
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
Tel.: 881 996 078 / 077 • Fax: 881 996 080  
agadic@xunta.es • www.agadic.info

AGADIC

Axencia Galega das  
Industrias Culturais

galicia

anteriormente; e o presentado ao Álvaro Cunqueiro, co número de rexistro 1368, *Street Art Symphony*, por ter resultado gañador noutro concurso, como así informou o seu autor a través de escrito con entrada na Agadic o 27 de agosto e nº de rexistro 2354.

- Valorados os textos presentados ao premio ÁLVARO CUNQUEIRO, e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar, por maioría, o XXII premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais ao texto presentado baixo o título **Raclette** (nº de rexistro: 1367).

Aberta a plica, o gañador resultou ser **Santiago Cortegoso Calvar**.

Na decisión de outorgarlle a *Raclette* o Premio Álvaro Cunqueiro o xurado destacou, en primeiro lugar, a solidez dunha estrutura dramática onde os personaxes, ben construídos e verosímiles, acadan un sutil equilibrio entre a ironía e o humor corrosivo; e por outra banda, o dramatismo, sabiamente dosificado, co que se nos transmite a realidade narrada.

Estas calidades, xunto a un ritmo ágil dos diálogos é a actualidade dun argumento que, de xeito incisivo e por momentos un tanto paródico, pon o dedo na chaga dalgúns problemas da nosa sociedade (hipercompetitividade, incomunicación, sobreprotección), fan que este texto posúa os ingredientes necesarios para seducir a un amplio abano de público. O evidente coñecemento que o autor amosa do feito teatral fai que, ao ler o texto, poidamos doadamente imaxinar a peza enriba dos escenarios, pola súa elevada funcionalidade tanto no nivel dos personaxes como no seu propio desenvolvemento escénico-estrutural.

- Valorados os textos presentados ao premio MANUEL MARÍA, e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar, por maioría, o VIII premio Manuel Marzá de literatura dramática infantil ao texto presentado baixo o título **Unha de gatos** (nº de rexistro: 1337).

Aberta a plica, o gañador resultou ser **Antón Cortizas Amado**, e o título da obra **Xogando con gatos**.

As reflexións do xurado á hora de premiar este texto foron:

Non é casual que o gato sexa o animal doméstico máis presente na literatura popular infantil porque posiblemente sexa o que mellor encarne o espíritu lúdico da infancia. O xogo, a vida en liberdade, a inmortalidade (sete vidas ten un gato), o gusto pola aventura son algunas das características que lles atribuímos aos gatos que aparecen reflectidas nesta literatura.

*Unha de gatos* bebe neste rico acervo popular de transmisión oral, cancións, adiviñas, lengalengas, contos de fórmula, de nunca acabar e sortes de botar, no que o protagonista é un gato. O autor, as veces sen modificar nada e outras xerando unha nova versión dunha canción xa coñecida, consegue enfiar todo este material nunha trama que pretende facer visible a desaparición gradual á que se ve sometida toda esta literatura relacionada co xogo e a vida social das crianzas. Deste xeito, o autor loita contra ese esquecemento por dúas vías: a primeira, denunciando a través da mensaxe da obra como os xogos tecnolóxicos condean o neno á soledade, ao divertimento exercido dunha forma pasiva e ao confinamento nas casas; e a segunda, recuperando para o lector ou espectador bastantes exemplos desoutra forma de xogo, social, creativa e en liberdade, actualizánndoos nalgúns casos, e poñéndoos en relación dentro dunha historia que os dota de sentido e que serven ademais para comezar a xogar no mesmo momento en que se lea ou vexa a obra.



O texto propón ademais unha teatralidade rica en recursos no que teñen cabida diversas linguaxes escénicas. O musical, a danza, o mimo, as marionetas e o teatro de sombras danse a man nesta proposta, constituíndo un magnífico material para un traballo multidisciplinar nas escolas. Pero *Unha de gatos* posibilita tamén a creación dun espectáculo de gran formato que para os nenos de hoxe en día constitúa unha referencia polo que ten de divertido, ensoñador e interactivo e que ao mesmo tempo xere elos emotivos e identificativos cos pais e cos mestres, moitos deles vividores dun pasado non tan arredado, no que o xogo constituía, áinda, a mellor maneira de aprender a vivir en sociedade.

- Valorados os textos presentados ao premio **BARRIGA VERDE, modalidade adultos**, e despois das deliberacións oportunas, o xurado, por maioría, decide outorgar, por maioría, o **XI premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade adultos**, ao texto presentado baixo o título *Ela, piedade dos suicidas* (nº de rexistro: 1371).

Aberta a plica, o gañador resultou ser **Xavier Lama López**.

Segundo o xurado, *Ela, piedade dos suicidas* é unha nova visita ao vello mito grego de Orpheo e Eurídice que se fixera xa texto dramático na perdida traxedia de Esquilo e que continuou reescrivéndose de xeito incesante, dando lugar a creacións moi variadas ao longo de máis de dous milenios. Este actual Orpheo é máis poeta que bardo; a súa arte lírica é sortilegio e salvoconduto para obter o privilexio de saír do furado negro infernal. A vontade transgresora da peza move os marcos do gusto hoxe dominante cunha orixinal mestizaxe de xéneros, pois presenta unha proposta en verso libre que imprime alento de eternidade a unha escena de marcado carácter obxectual, cohabitada por sombras, pantallas, máscaras e, quizais, mórmoras. O autor materializa aquel vello soño de Rafael Dieste de atopar o sublime estilo oral das estatuas, recuperando a paradoxal estratexia das derradeiras montaxes de Teatro Antroido, onde unha opulenta disposición de aparellos se batía contra o despoisamento reinante no entorno. A achega, asemade, logra transmitir unha percepción coherente e anovada do mundo, sen abandonar as estruturas definidoras do mito. Somete á nosa consideración cal dos dous ámbitos é máis infernal: o do alén ou o dunha "vida" que aniquilou a Eurídice por sobredeuse de heroína na antecámara nupcial. Nelas, só os adjetivos son quen a redimirmos. E grazas.

Contén esta peza as claves dun proxecto escénico moi ambicioso conseguido mediante o recurso aos obxectos, o que o fai viable nestes tempos de récores económicos e, xa que logo, de elencos retraídos.

A calidade lírica das falas dos personaxes é altísima e dá moita profundidade a unhas figuras dramáticas deseñadas cunha técnica moi rendible e pouco vista hoxe.

Reivindica a potencialidade enriquecedora da palabra en escena de modo que o texto se dá a valer coa dignidade propia do que non é un simple pretexto ou produto subordinado.

- Valorados os textos presentados ao premio **BARRIGA VERDE, modalidade para rapaces**, e despois das deliberacións oportunas, o xurado, por maioría, decide outorgar o **XI premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade para rapaces**, ao texto presentado baixo o título *O lobo e a lúa, lema Blas* (nº de rexistro 1412).

Aberta a plica, a gañadora resultou ser **Andrea Bayer Lloves**.



Consideracións do xurado á hora de premiar *O lobo e a lúa*:


Un lobo ouvéalle á lúa para que esperte. Ten algo moi importante que lle decir. Dous animais pídenlle que cale. Temen que os ouveos esperten un gato rabudo que vive alí mesmo. A insistencia do lobo fai que os animais fuxan buscando acubillo. Que quererá contarlle o lobo á lúa? Conseguirá o seu propósito sen que o gato esperte e o escorrente?

*O lobo e a lúa* tece unha trama clara e atraente, adaptando claves de intriga e suspense ao imaginario dos más pequenos. Os desexos, os conflitos e as emocións presentadas resultan facilmente recoñecibles e contribúen harmonicamente á evolución do drama.

En *O lobo e a lúa* recoñece o xurado unha innegable vontade escénica: imaxes suxestivas e precisas, xogos dinámicos ben inseridos na situación dramática, personaxes de caracterización definida e unha temática axeitada para a franxa de idade á que vai dirixida a peza. En definitiva, unha obra dramática moi axeitada para recoñecer e poñer en valor a singularidade da arte dos monicreques, que cremos engaiolará a un público familiar.

- Rematado o proceso, levántase a sesión ás vinte e trinta horas.

E para que así conste, asinan esta acta en Santiago de Compostela a 8 de outubro de 2014  
a presidenta, por suplencia, e a secretaria do xurado.



Dolores Vilavedra Fernández  
Presidenta



Marcelina Calvo Domínguez  
Secretaria

